

# A última viaxe e outros relatos

Alberto G. Aneiros



BAÍA EDICIÓNS

*Para miña nai, que pasou a Marola  
da posguerra, e que me deu a luz  
da terra, do mar e do amor ás letras.*

# Choídos\*

---

Merda! Non sei por que me encerraría neste saco. Ufff! Que noxo! Apesta a penso para galiñas. Non o entendo. Será porque xa non está a súa filla? Non se lle metería na cabeza que eu son o culpábel e que debe castigarme a min por iso? Non sei. Nunca me fiei del. Sobre todo desde que ese día me viu subido ao bordo do pozo, mirando ao fondo, onde acababa de deixarse caer a Nena. Miña nai! Ao lembrar como o fixo, que ben a vin, sinto tremenda vertixe e arreguizos por todo o corpo. Caer desde esa altura á auga, que sen dúbida estará xeadá! E que eu saiba non saíu de alá abaixo. Que horror! Pobre Nena! Eu, á miña maneira, tíñalle e téñolle moito apego e cariño. Desde que nacín nesta casa, ela era a única con quen eu estaba realmente ben, relaxado e feliz. Gustabamos de estar xuntos. Pasabamos moi bos momentos. Xogaba comigo. E tamén me deixaba entrar no seu cuarto,

---

\* Este relato, baixo outro título, foi premiado na VII edición (2008) do Certame Literario Ramón del Valle-Inclán.

mesmo na súa cama. Acariñábame, sempre acolledora e riseira (eses agradábeis xestos e sons que tan ben saben facer elas, e dos que eu son incapaz por máis que o intente). Díciame palabras bonitas case ao oído. E era ben tenro durmirse ao seu carón, enriba da colcha ou da almofada, ou mesmo no seu colo. A súa calor humana era para min mellor que a do lume da lareira. Os seus ollos, verdes e claros coma os meus, acostumaban estar tristes e apagados, coma se mirasen cara a dentro, desorientados, perdidos; pero ao verme, falarme e tocarme, recuperaban o seu brillo e alegría. Haberá dous ou tres días (sempre me costa levar a conta desas cousas) houbo aquí na casa moita xente, balbordo e confusión: homes, mulleres, mozos, vellos, nenos... A moitos deles eu non os vira nunca. Algúns calaban, moi serios; outros berraban, poñendo facianas torcidas e feas, ollos e meixelas mollados; levaban as mans á cabeza, abrazaban a nai da rapaza... E polo que logo puider ver viñan ollala a ela, a Nena, que para a miña sorpresa, sen que eu a vira entrar (talvez sería mentres eu estaba fóra) se atopaba deitada nunha caixa, rodeada de lumes pequeniños, como durmida, pero moito máis quieta e ríxida, coa cara distinta, estraña, morada; deume algo de medo e non quixen achegarme moito. E aínda que xa marchaba, botáronme de alí a patadas. Desde entón non volví vela máis. Xa non estaba nunca no seu cuarto, como antes de todo iso que pasou tan de repente. Espero que o feito de que a Nena xa non se atope aquí non sexa iso que chaman... Vaia, non me sae... Pero non sei por que temo que si, ou sexa que non, que nunca máis a verei de novo, nin no seu cuarto nin en ningures... Morte! Agora recordo. Si. Chámanlle morte, palabra para min rara, que vagamente supoño que quererá dicir algo

moi malo que parece que lles pasou a moitos e que pasará non se sabe cando a todo becho vivente, aínda que eu non o dea comprendido ben... Debe de ser o meu punto cego felino... Cando eu era un mozo, non cría que despois diso, da morte, o que chamaban a alma, cousa ben rara tamén, pasara dun corpo frío e sen folgos a outro acabado de nacer. Coido que iso me parecía daquela algo que non podía suceder... Mais agora que son un gato con certas lembranzas daquela época en que andaba a dúas patas, sei que estaba trabucado. Eu mesmo son a proba vivente diso... Se non, ¿como ía eu ser quen de entender como entendo, coido que bastante ben, a lingua destes humanos entre os que me tocou vivir? Eles mesmos din de min moitas veces: a este gato só lle falta falar... E, por suposto, sen que ese secreto coñecemento meu me impida comunicarme perfectamente, na miña propia lingua felina, cos meus para o que faga falta, con miña nai e meus irmáns de cativo, e agora cos meus rivais machos e coas sucesivas femias que consigo montar. Pero os gatos non usamos a lingua para máis nada, agás para beber, lambernos e relambernos. Nunca mantemos conversas entre nós. Non as precisamos. Gustamos moito do silencio. Aínda que tamén da música. Non sei como xorde nin por que nin para que nin me importa, pero encántame. Tiven a sorte de que a Nena ma deixase escoitar moitas veces no seu cuarto. Ela adoitaba asubiar mainamente e bisbar con voz agarimosa para me chamar: Mouriño lindo, ven! E dicía: miquiño meu, vamos bailar! Eu sempre acudía axiña contento a saudala poñéndome a dúas patas ante ela, o rabo revirichado, os bigotes risoños, alzándome coa miña cabeza para ir con ledicia ao encontro entrañábel, ao lene contacto da súa branquísima man sobre o meu pelo negro, negro coma

o seu. Si, os dous gustabamos moito de oír música. Algúns días ela mesma deixaba escapar bonitos sons dos seus beizos. Cantar, aprendeume que se dicía así. E cantar, cantaba moi ben a Nena. En cambio eu para iso son negado. Gustaríame facelo, pero non sei. Por iso non podía acompañala nos seus cantos. Á parte de miañar, só sei rosmar baixiño; e eses sons facía eu, aínda que sen arte ningunha, cando ela cantaba. Porén a Nena, bondadosa, ría e dábame apertas, malia a miña torpeza musical. Oh, que maravillosa é a música! Que pracer abraiante! Quizais sexa o único que realmente admiro dos animais humanos. Non sei como, pero saben facela soar cando queren... Que ben! De todos os xeitos, como teño o oído moi fino e sensíbel, moito máis que o deles, que ben me decato, non todas as músicas me agradan. En realidade, algúns sons fan que repregue e me treman os bigotes, que revire e se me quenten as orellas; e até chegan a me provocar denteira, dor de cabeza e malestar xeral.

E malestar, abafó, carraxe e impaciencia é o que ares-tora sinto aquí choído. Merda! Socorro! Miau! Miau! Estou farto! Non sei por que carallo me metería el aquí! Máis negro que a noite máis negra, mesmo para a miña penetrante vista! Dáme moita rabia ser un gato encerrado! Axuda, por favor! Valédeme! Miau! Miau! Eu non lle fixen mal a ese becho humano! Por máis que o intento, non logro lembrar que eu fixese recentemente ningunha porcallada, trasnada, roubo de carne ou peixe, nin abuso de confianza ningún pola miña parte. Que mosca lle picaría a ese brután? El nunca me quixo. Sempre me mirou mal. Só me deixaba en paz, procurando gardar as distancias, porque a súa muller e mais a Nena me protexían del e mais do neno, outro bruto, que en canto lle

peta trata de me facer rabiarse agochándome a miña comida, ou mollándome ou colléndome polo rabo... Que teima co meu rabo! Pero as súas boas rabuñadas e trabadas levou o cabuxo por iso, e logo?!, que eu non deixo que abuse ninguén de min así como así! Veña home veña! Aínda por riba de que lles cazo ratos, ratas, donicelas, e toupas por toda a casa, o celeiro, a cortiña... Seica lles gusta moito que o faga, e eu procuro compracelos, aínda que para min esas cazarías son só un entretemento divertido. Eu non como diso...

Merda! Non sei por que carallo estou aquí! Socorro! Miau! Miau! Eu non fixen nada malo! Só unha vez, cando era pequeno e aínda non sabía ben as normas da casa, cometín un grave erro: manchei de merda e mexos o chan do cuarto onde dormen os pais da Nena. Pero xa fun castigado por iso e non o volví facer máis, que son ben limpiño. O moi besta, o pai, agarroume daquela polo pescozo e meteume todo o fociño na miña propia cagada; logo, colléndome polo rabo, fíxome xirar varias veces no ar, con gran dor para min, e por fin guindoume ao baleiro desde unha ventá da planta alta da casa. Fun caer ao campo, sobre a herba. Por suposto de pé, e por sorte sen dano ningún. Endexamais esqueceré aquela desagradábel lección. Pero semella que el tampouco. Sempre me tivo xenreira. Non sei ben por que. E volveu lanzarme fóra varias veces máis desde outra ventá, unha do baixo (menos mal), que é a do cuarto da Nena. Facíao sempre que me sorprendía descansando ou durmindo por alí. Eu ía moito porque ela me deixaba estar tranquilo alá dentro, sobre todo cando fóra ía frío ou chovía. Pero tiña que facelo sempre con coidado, procurando entrar pola ventá, mirando ben que o pai non estivese alí, que tamén ía moito. E se algunha vez el

entraba de súpeto, eu fuxía estarecido a lume de carozo e patas para que vos quero... E case sempre o conseguía. Pero ás veces non lograba escapar porque a xanela non estaba aberta nese intre e el pechaba axiña a porta. Entón eu trataba de agocharme con rapidez e disimulo debaixo da cama da Nena. Ela adoitaba protexerme dicindo que eu era moi bo e que eramos amigos, mais o pai tiña celos de min ou algo así e non aturaba a miña presenza. En realidade, non sei se un gato pode ter amigos ou amigas, ou tan só compañeiras ocasionais que andan á xaneira, momentos intensísimos, esgotadores, felices, fugaces... Moitas noites percorro prados, leiras, muros e tellados arredados da casa na procura de gatas que anden por aí desexosas de estar comigo. Iso si, debo coidarme moito dos cans que me perseguen, cada vez máis furiosos por non poder alcanzarme nunca. E ás veces atopo olorosas e atractivas femias, e por elas teño que pelexar cos outros gatos entremetidos e insolentes. As gatas coas que me arrexunto son case sempre novas, descoñecidas para min, quen sabe se algunhas delas non serán as miñas propias fillas... E iso mesmo que fago eu con elas o facía o pai coa Nena. Xuntábase con ela no seu cuarto e montábaa. Nunca o vin facer iso coa súa muller. Prefería a súa filla. Entraba paseniño no cuarto, tapáballe a boca, mostrándolle un puño ameazador ante os seus ollíños asustados, cravándolle unha mirada espantosa, chea de sangue, coma de can feroz; metíase na cama con ela, tiráballe o camión, rumoreáballe ao oído, sen deixar de acarriñala e beixala por todas partes, mentres ela calaba, laiaba ou choraba debilmente, anoxada. Ultimamente ela xa era maior e intentaba protestar e resistirse máis. Eu escoitábao todo: Papai, non aguanto máis! Tesme choída no teu cárcere



desde que era só unha meniña. Que vergonza, meu Deus! Por que, papai? Non! Non quero! Cala e obedece, puta, paxara! Desagradecida! Tes sorte de ter o pai que tes, que te prefire a ti antes que á porca de túa nai. Decátate dunha vez, Nena. Xa non es a miña filla. Es a miña putiña, a miña paxariña bonita e sempre o serás, quéirallo ou non, polas boas ou polas malas. Entendido? A mala pécora de túa nai xa só me serve porque fai os traballos da casa. Menos mal que me deu un fillo, un macho, un herdeiro; para máis nada a quero xa... En cambio, ti es a miña ruliña. Non a miña filla, senón a miña putiña. Só miña e de ninguén máis. Pero como lle digas algo disto a alguén, mátote! Óesme? Mátovos a ti e a túa nai! Quédache claro? E agora déixame facer e non me repliques. Verás que ben! Ah! Aiii! Non, non, por aí non, papai, por favor, que me doe! Cala! É só un pouquiño, Nena! Non quero empreñarte... Dícialle todo iso. Lémbroo moi ben. Cando algo pasa moitas veces con intensidade fica na miña cabeza ben metido, e vólvo ver e oír cando quero. Máis dunha vez, estando el na cama sobre o corpo deitado da Nena, acertou a verme fóra mentres eu o estaba a fitar tras os vidros da fiestra pechada. Entón erguíase moi encabuxado, co seu gran falo aínda inchado, e guindábame algo para me escorrentar, xeralmente a almofada. Tenme moita xenreira. Moita manía! Non lle gusta nada verme nin que eu mire para el. Di que son un maldito gato negro, que son un animal de mal agoiro, sexa iso o que for...

Ufff! Téñolle moito medo a ese home. E agora tenme aquí encerrado. Non podo saír deste saco de ningunha maneira. Axuda! Miau! Miau! Eu non facía nada malo, ao contrario. E así mo paga... Cazaba moito, comía pouco, pasa-

ba mañás ou tardes enteiras deitado no meu recuncho, sen molestar, adurmiñado ou durmindo. Ás veces, como todo o que voa me atrae, soñaba que voaba sen ás e cazaba no ar os paxaros máis grandes, e todo iso sen esforzo ningún. Daquela vivir era para min só lecer, sen peso ningún, libre, sen medos, cos ollos cerrados ao sol, deixándome levar, a pracer... Miña nai, que gozo tan forte! Cando espertaba xa nada era o mesmo, claro, aínda que igualmente me gustaba. Permanecía tombado, o meu bandullo cheo subindo e baixando apracibelmente. Bocexaba, espreguizábame, envorcallábame polo chan, arqueábame, camiñaba, choutaba, corría... E aínda que non poida voar (por experiencia propia sei que todo gato voador acaba caendo sempre á terra), nin saiba cantar, vou vivindo ben; non hai queixa. Por iso odio tanto estar agora aquí choído... Socorro! Valédeme! Miau! Miau!... É inútil. Ninguén vén sacarme de aquí. Onde andarán todos? Neste saco non vexo nada, irrítanse os ollos e o nariz con este po noxento. Ufff! Apenas podoo respirar. É abafante! Estou doente! E teño medo, moito medo, porque ese temíbel becho humano está o que se di tolo tolo... O moi traizoeiro enganoume para me meter aquí á forza. Primeiro, estrañamente feito un aloumiñeiro (xa debín desconfiar), atraeume ofrecéndome un prato con gorentosas cabezas de peixe, que morro por elas; e logo, mentres as comía con moito gusto, de golpe agarroume polo pescozo e, sen que puidese zafarme, nun abrir e pechar de ollos meteume neste escuro saco fedorento que nin as miñas uñas nin os meus dentes logran rachar por ningún lado. Colleume ben collido o moi cabrón. Atrapado, encerrado e ben pechado, sen saída ningunha. Merda! Socorro! Axuda! Miauuuuu! Aquí non podoo acougar nin un momento. Deses-

pero. Ou non sei que esperar. Uffff! Non sei. Nada bo, desde logo. Pero o que... Ah! Aí vén alguén! Síntoo vir cara a aquí. Merda, creo que é el! Si, é el quen se achega, que ben o ulo. Non hai dúbida. Aquí está xa o cabrón. Por favor, vello, sácame de aquí e non me fagas dano. Miauuuu! Miauuuu! Puafff! Como cheira este home! Apesta a viño que marea! Como cando ía ao cuarto da Nena... Eh! Coidado! Agora érgueme. Xa estou nas súas mans. Socorro! Miauuuu! Lévame no saco non sei onde. Vou bufarlle e protestarlle coma un gato salvaxe, a ver se se asusta e me solta... Fffffu! Fffffu! Fffffu! Nada. Non hai maneira. Nin caso. Agora abre unha porta, deixa caer o saco comigo dentro sobre un piso alfombrado, e cerra cunha portada. Empeza un ruxido continuado. Movémonos, sen dúbida. Debo de ir canda el dentro dunha desas cousas monstruosas que corren metendo uns ruídos que arrepían, que tanto me cegan e apampan nas miñas andainas nocturnas, e das que en máis dunha ocasión me librei polos pelos... Agora os bruídos aumentan por momentos. Todo isto realmente mete o medo no corpo... Hai un cheiro moi raro, forte, desagradábel, penetrante. Maréome. Móvome lixeiramente arriba e abaixo, e ás veces son desprazado cara aos lados e levo golpes. Que carallo quererá de min este tolo noxento? Onde me levará? Miau! Miau! Eu non sei por que... Eh! Que pasa agora? Chíos ferintes... Estou voando!... Ai, ai, ai! Onde estou? Que golpes tan fortes me dei! Ai, ai, ai! Onde estarei? Xa non hai ruídos, pero estou moi atordado e desorientado aquí no saco. Dóeme moito a cabeza, un costado e dúas patas... E onde estará el agora? Podo ulir o seu sangue, non só o meu; pero non o oio. Marcharía deixándome aquí tirado? Ai, ai! Dóenme moito as miñas feridas e golpes. Maréome.

Apenas podo xa pensar. Socorro! Axuda! Acudídemme! Miau! Semella coma se alguén que me estivese a soñar fose deixar de facelo dun intre a outro, esvaecéndose a miña vida. Espero que antes chegue alguén bo que me libere e me cure. Eu quero vivir! Ai, creo que me vou desmaiar de dor! Síntome máis débil que nunca, pero quero vivir... Ai! Xa me faltan, xa me sobran as palabras.